

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 23 DE MARZO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e tres de marzo de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 16 de marzo do dous mil nove (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **CUALIFICACIÓN DEFINITIVA**

“Visto o expediente a nome de **dona M<sup>a</sup> del Carmen Martínez Fernández**, con domicilio na Praza García Boente nº6, A, Ribadavia relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na Praza García Boente nº6 A, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

##### **A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:**

1º.- Escrito do Xuzgado do Contencioso Administrativo nº2 de Ourense con data de rexistro de entrada 04.03.2009 e nº RE 1585 remitindo copia de sentenza de fecha 26.02.2009, pola que se denega a petición formulada por D. José Rodríguez Gallego en representación da Diócese de Ourense , de exención do Imposto de Bens Inmобles.

2º.- Comunicación do Ministerio de Traballo con data de rexistro de entrada 13.03.2009 nº RE 1800 no que se da traslado ós seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** A partir do 1 de xaneiro de 2009, a totalidade dos traballadores adicados á venda ambulante directa a compradores, atópanse obrigatoriamente dentro do campo de aplicación do Réxime especial de traballadores autónomos, sin que pola súa condición de socios de cooperativas poida encuadrarse en outro Réxime da Seguridade Social.

**SEGUNDO:** os traballadores autónomos adicados á venda a domicilio e os socios de cooperativas sen límite máximo de venda de 3 días/semana e 8 horas/día poderán efectuar opción de redución de base mínima anual ata un 55% da mesma.

3.- Comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de data 11.03.2009 nº RE 1744 na que se achega unha copia do informe en relación coas auditorías periódicas para supervisala xestión das E.D.A.R.E.S de Galicia.

4.- Comunicación do Ministerio de Interior, Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias de data 11.03.2009 no RE 1762 relativo ó cumprimento de particular de xornadas de traballo en beneficio da comunidade.

Deliberando sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda rechazar temporalmente a prestación destes servizos posto que xa existe persoal de abondo para a realización destas tarefas.

5.- Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino de data de rexistro de entrada 16.03.2009 e nº RE 1824 mediante a que se autoriza a corta e poda dunha serie de arbores na zona de policía do río Avia na Rotea - San Cristobal.

6.- Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño con data de rexistro de entrada 16.03.2009 e nº RE 1825 mediante o que se aproba a inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado Cima do Campo da Carballeira, sito en A Quinza, termino municipal de Ribadavia.

7º.- Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño con data de rexistro de entrada 16.03.2009 e nº RE 1827 mediante o que se aproba a inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado Patio, sito en Barcia-Ibia, término municipal de Melón.

8º.- Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño con data de rexistro de entrada 16.03.2009 e nº RE 1826, mediante o que se aproba a inscrición no

registro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado Capilla, sito en Santa Cristina- Sampaio, término municipal de Ribadavia.

9º- Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño con data de registro de entrada 23.03.2009 e nº RE 1968, mediante o que se aproba a inscrición no registro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado Fontiñas, sito en Sampaio, término municipal de Ribadavia.

10º- Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño con data de registro de entrada 16.03.2009 e nº RE 1822, mediante o que se comunica unha sanción contra un particular, por “realización de obras consistentes na construción dun cerramento de postes e malla gandeira en sentido transversal e lonxitudinal ó cauce de 5 m. De lonxitude e 1,5 m de altura, en zona de servidume da marxe esquerda do río Maquiáns, sen contar coa preceptiva autorización administrativa deste Organismo de cuenca”, no término municipal de Ribadavia.

11º- Comunicación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con data de registro de entrada de 23.03.2009 e nº RE 1969 relativa á comprobación da estrutura do polideportivo anexo ó IES O RIBEIRO, de Ribadavia.

12º- Comunicación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de data de entrada 23.03.2009 e nº RE 1970 relativo ó expediente de desafectación das plantas 1ª e 2ª do edificio onde está situada a Galescola, así como o patio lateral do edificio sito na parte traseira do CPI TOMÁS DE LEMOS.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **CERTIFICACIÓN Nº3 DA OBRA RECUPERACION DE CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA. RUA SALGADO MOSCOSO.-**

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 3 da obra denominada “Recuperacion do casco histórico de Ribadavia. Rúa Salgado Moscoso”, redactada polo técnico director da obra D. Casimiro Fontenla Bugallo, executada pola empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A, por un importe total de 84.447,18 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 3, anteriormente indicada por importe de 84.447,18 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións seguintes: Consellería de Vivenda e Solo, 67.557,74 euros e Concello, 16.889,44 euros.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A. con nº 161 de data 28/02/09 pola mesma cantidade.

3º.- Aprobar o endoso da presente certificación a favor da entidade Caja Rural de Zamora, oficina 0082 de Verin (Ourense), co número de conta 3085 0082 59 1098440322.”

4º.- Que se remita o correspondiente expediente a Consellería de Vivenda e Solo aos efectos de que se ingrese neste Concello a cantidade subvencionada por este organismo.”

**CERTIFICACIÓN Nº4 DA OBRA DENOMINADA EXCAVACION DA TERRAZA INTERMEDIA DO CASTELO DOS SARMIENTO.-**

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 4 da obra denominada “Excavación da terraza intermedia do Castelo dos Sarmiento”, redactada polo técnico director da obra Dona Maria Jesús Blanco Piñeiro e Don Miguel Angel Calvo Salve, executada pola empresa Norvial S.L. por un importe total de 56.301,64 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 4, anteriormente indicada por importe de 56.301,64 euros.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Norvial S.L., pola mesma cantidade.”

3º.- Tomar coñecemento do endoso practicado a prol de Don Jorge González Alvarez, con D.N.I. núm. 76.711.190-A, por importe de 8.920,28 euros, co número de conta 0097 8959 050500117639.”

**ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACIÓN DO EDIFICIO PARA CENTRO DE INFORMACIÓN XUVENIL”**

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade a obra “Rehabilitación do Edificio para centro de Información Xuvenil”, segundo proxecto redactado polas arquitectas dona Mercedes Álvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez, e con data de acta de replanteo de xaneiro de 2009.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó dous de febreiro de 2009, publicándose no perfil do contratante o 09.02.09 e invitándose as empresas o 10.02.09: TECAR GALICIA, SL., CONSTRUCCIONES ALTO DA CHAIRA, SL., ao non ter presentada documentación a empresa CAP, SL., procedéndose a abxudicación provisional mediante acordo de data 09.03.09 a empresa TECAR GALICIA, SL, que na presentación inicial do sobre A se acreditou estar ao corrente das obrigacións tributarias e de Seguridade Social, e consignando o importe de garantía definitiva (6.899,86€) en data de 23.03.09

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local aprobou por unanimidade os seguintes acordos:

1-Abxudicar definitivamente a obra “Rehabilitación do Edificio para centro de Información Xuvenil”, a empresa TECAR GALICIA, SL

2- Nomear como dirección de obra a don CESAR AÑEL POIOS.

3- Nomear como coordinador de Seguridade e Saúde na obra “Rehabilitación do Edificio para centro de Información Xuvenil” don CESAR AÑEL POIOS.

4- No prazo de 15 días naturais dende a notificación da adxudicación definitiva o contratista presentará ao órgano de contratación o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo, que será informado polo coordinador de seguridade e saúde antes da súa aprobación.

5-A formalización do contrato realizarase dentro dos 30 días naturais seguintes a da notificación do acordo de abxudicación definitiva, facultándose ao Sr Alcalde para a sinatura do mesmo e dentro dos 15 días seguintes o adxudicatario deberá presentar un programa de traballo para que sexa aprobado polo órgano de contratación.

6-Antes do inicio das obras debe incorporarse a acta de comprobacion del replanteo.

7- Antes do inicio das obras o contratista deberá acreditar por cualquier medio válido admitido en dereito a contratación dun número de 5 traballadores desempregados de conformidade co previsto na cláusula 15º apartado f do Prego de cláusulas administrativas particulares.

8- Antes do inicio das obras e de acordo co dictamen de seguimento do PEPRI de data 30.01.2009 deberá obterse a autorización preceptiva de patrimonio de cara a ter en conta posibles condicionados na execución do proxecto técnico.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO